

TALENTO E COLABORACIÓN



Prezada comunidade:

En ECOBAS temos a fortuna de contar con **talento sobresaínte e emerxente** na investigación en ciencias sociais. Exemplo salientable no ámbito dos estudos de management é o recoñecemento que vén de recibir a nosa investigadora e profesora axudante doutora da UDC, **Vanessa Mato Santiso**, premiada como “Outstanding Reviewer 2024” pola revista Management Letters/Cuadernos de Gestión.



Esta distinción recoñece a súa “excepcional labor de revisión por pares durante o ano pasado” trala valoración realizada conforme aos criterios de claridade dos informes, rigor/exhaustividade na avaliación, utilidade dos comentarios para os autores e a puntualidade das revisións.

Ademais, o Consejo de Empresa Institutua vén de aprobar o nomeamento de Vanessa como novo membro do Consello de Redacción de Management Letters. Noraboa e moitos parabéns!!!

Destacamos tamén neste número o avance no deseño e establecemento dos indicadores necesarios para medir o emprendemento dixital para o profesorado e institucións universitarias, obxectivo da segunda reunión do proxecto MAEDU-Marco de Análise para o Emprendemento Dixital das Universidades, que tivo lugar en Murcia.

Nesta sesión de traballo participou a nosa investigadora permanente **Mercedes Mareque**, integrante do equipo deste proxecto, que abrangue o período 2023-2027 e conta co financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación, Agencia Estatal de Investigación, Plan nacional I+D+I Convocatoria 2022.

Xa nestas vindeiras páxinas da nosa newsletter ofrecémosvos, como é habitual, o anticipo da completa programación de actividades que temos en axenda, así como o repaso das últimas contribucións e achegas nas investigacións do noso equipo e a súa tarefa de divulgación para unha maior contribución á sociedade.



AXENDA



>>> CONFERENCIA: CANTO NOS CUSTA O CAMBIO CLIMÁTICO?

XOVES
20/03
20:00H

Baixo este título, o investigador permanente de ECOBAS **Xavier Labandeira** afondará nos impactos que o cambio climático conleva para as arcas públicas, os sectores produtivos e a economía doméstica, especialmente en termos de fiscalidade ambiental. A charla pecha o IV Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático que organiza o Club Montañeros de Galicia Peña Trevinca. A presentación do evento correrá a cargo do investigador permanente de ECOBAS, **Gustavo Bergantiño**.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL: VIGO. Auditorio do Concello de Vigo. Praza do Rei, 1.



>>> “A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE ESPAÑOLA A TRAVÉS DA PUBLICIDADE”

CÁTEDRA EMPRESA FAMILIAR UVIGO

LUNS
24/03
12:00H

A Cátedra de Empresa Familiar da UVIGO que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS **Elena Rivo** organiza, no marco das súas actividades de portas abertas, a conferencia “A evolución da sociedade española a través da publicidade”, intervención que correrá a cargo da directora xeral de Dentsu X, María Álvarez Gómez, trala apertura do acto por parte da decana da Facultade de CC. Empresariais e Turismo, Montse Cruz González.

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: OURENSE. Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Aula 2.1). Acceso libre ata completar aforo.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible rexistro previo aquí.**



>>> “O IMPACTO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NO MARKETING EMPRESARIAL”

CÁTEDRA EMPRESA FAMILIAR UVIGO

MARTES
25/03
10:00H

Co mesmo carácter divulgador e de interacción coa sociedade, a Cátedra celebra estoutra conferencia coa directora xeral de Dentsu X, María Álvarez Gómez, quen estará en Vigo para celebrar unha sesión que contará ademais coa participación do presidente da Asociación Galega da Empresas Familiar (AGEF), José Silveira.

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de Comercio. Acceso libre ata completar aforo.
- ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams. **Imprescindible rexistro previo aquí.**



AXENDA




>>> RESEARCH SEMINAR: NIKOLAS MÜLLER-PLANTENBERG, UAM

XOVES
27/03
13:00H

"Accounting for currency crises: what matters are external deficits, not loose money or speculative pressures"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula-Seminario 3.
- ONLINE: ECOBAS Academy en directo, vía Teams. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



>>> DOCTORAL SEMINAR: LENA BISCHOFF, UVIGO

MÉRCORES
02/04
13:00H

"Beyond uniform approaches: Exploring stakeholder heterogeneity, dynamic stakeholder complexity and value creation through dissonance"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy en directo, vía Teams. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



>>> JUNIOR RESEARCH SEMINAR: ALEJANDRO FORTUNY, UVIGO

XOVES
03/04
12:00H

"Navigating Political and Economic Tensions over Time in Platform Cooperatives: the case of CoopCycle"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE: ECOBAS Academy en directo, vía Teams. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



AXENDA



>>> RESEARCH SEMINAR: SHIGERU MATSUMOTO, AOYAMA GAKUIN UNIVERSITY

XOVES
03/04
13:00H

"Impact of changes in the distribution of household types on residential energy consumption in Spain, 2006-2023"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: SANTIAGO DE COMPOSTELA. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 28.
- ONLINE: ECOBAS Academy en directo, vía Teams. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



>>> RESEARCH SEMINAR: JORGE GARCÍA, UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID


XOVES
10/04
13:00H

"Ideological alignment and evidence based policy making"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula-Seminario 8.
- ONLINE: ECOBAS Academy en directo, vía Teams. **Imprescindible** [REXISTRO PREVIO AQUÍ.](#)



>>> "RISCOS E CIBERSEGURIDADE: BLOCKCHAIN, CRIPTOGRAFÍA E CRIPTOACTIVOS" CÁTEDRA CECOCIB



Proximamente o experto Pablo López Gutiérrez, director de Equantum Ciberseguridad & Blockchain S.L., estará na cátedra CECOCIB que codirixen os investigadores permanentes de ECOBAS **María Bastida** e **Miguel Vázquez Taín** para analizar os riscos de seguridade asociados co uso de blockchain e criptografía, así coma o seu papel na protección de datos e activos dixitais.

- Moi pronto informaremos da data, horario e ligazón á inscrición.

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

>>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- Ibarra-Cabrera, M.J.; Ibarra-Cabrera, E.M.; **García Vázquez, Y.**; Ferrás, C. (2025)
[Analysis of the Location and Spatial Distribution of Violence Against Women in Peru](#)
Social Sciences, Vol. 14, Núm. 2
- **Rodríguez-Míguez, E.**; **Sampayo, A.** (2025)
[Comparison of Caregiver and General Population Preferences for Dependency-Related Health States](#)
Applied Health Economics and Health Policy, Vol. 23, Núm. 1, pp. 105-117
- Sanchez, L.C.; **Barajas, A.**; Sanchez-Fernandez, P. (2025)
[How did football ownership become from an emotional asset in a financial commodity? A 150-year analysis of shifting normative and unintended consequences](#)
Managing Sport and Leisure
- Tornel-Vázquez, R.; Iglesias, E.; **Loureiro, M.L.** (2025)
[Adoption of nature based solutions for energy transition in rural households of Northern Nigeria](#)
Scientific Reports, Vol. 15, Núm. 1
- **Álvarez-Espiño, M.**; **Fernández-López, S.**; **Rey-Ares, L.** (2025)
[Consumo de seguros en las pequeñas empresas españolas: el papel de la alfabetización financiera de la persona empresaria](#)
Revista Finanzas y Política Económica, Vol. 17, Núm. 1
- Pazos-García, M.J.; López-López, V.; Iglesias-Antelo, S.; **Vila-Vázquez, G.** (2025)
[Quality of life in cities: An outcome and a resource?](#)
European Research on Management and Business Economics, Vol. 31, Núm. 1, pp. 11-19
- Bouzas Arufe, J.; **Portela Maseda, M.** (2025)
[The Galician entrepreneurship internationalization matrix: A regulatory framework](#)
Revista galega de economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Vol. 34, Núm. 1, pp. 1
- Ravšelj, D. Keržič, D. Tomaževič, N. Umek, L. Brezovar, N. Iahad, N.A. Abdulla, A.A. Akopyan, A. Segura, M.W.A. AlHumaid, J. Allam, M.F. **Alló, M.** et al. (2025)
[Higher education students' perceptions of ChatGPT: A global study of early reactions](#)
PLoS ONE, Vol. 20, Núm. 2 February

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- Soares, A., Casais, B., **Calvo-Porrá, C.**, & Oliveira, A. (2025)

[The 'Insta' effect on the intention to visit a destination: a case for conspicuous consumption?](#)

Tourism & Management Studies, 21(2), 1-11.

- **Gómez, M.A.** (2025)

[The tragedy of the commons: A fresh look from EcoComics](#)

Journal of Economics Teaching

>>> CAPÍTULOS DE LIBRO

- **Bastida, M.; Vázquez Taín, M. A.**; Río Araújo, M. L.; **Vaquero García, Alberto** (2025)

[La ceguera de género en los Fondos 'Next Generation EU': El PERTE de Economía Social como excepción a la norma](#)

Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva (Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC), pp. 539-568

- Cancelo Márquez, Maite; **Bastida Domínguez, M.** (2025)

[Segunda Estrategia gallega de Economía Social: Horizonte 2027](#)

Fomento de la economía social: instrumentos fiscales y de políticas públicas: La administración pública y la economía social: aliados para una prosperidad inclusiva (Centro Internacional de Investigación e Información sobre la Economía Pública, Social y Cooperativa, CIRIEC), pp. 79-88


>>> LIBROS

- **López Arranz, M^a A.**; **Picatoste, X.**; González Laxe, Fernando (2025)

[Avanzando en los objetivos del desarrollo sostenible a través del marisqueo: mujeres pioneras](#)

Editorial: Tirant lo Blanch

>>> [CALL FOR PAPERS | ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS](#)



A [Revista Galega de Economía](#), da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo**, está a piques de pechar o prazo de recepción de traballos do número especial titulado "Advancing Pro-Environmental Behavior: From the Workplace to Consumer Actions".

A Revista Galega de Economía está indexada no Emerging Sources Citation Index, de Web of Science, Scopus e conta co selo de calidade FECYT de calidade das revistas científicas españolas.

- Call for papers: [ata o 31 de marzo de 2025.](#)
- [Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.](#)

DIVULGACIÓN



»» A CIENCIA EN FEMININO



Co gallo da conmemoración do 8M, a directora científica de ECOBAS e premio María Josefa Wonenburger 2024, **María Loureiro**, participou na terceira edición do ciclo “Ciencia en Feminino” que organizan o xornal de divulgación científica [gCiencia](#) e a Deputación de Pontevedra.

Podes ler aquí un [resumo da súa intervención](#) ou se o prefires, [visionar este capítulo do programa aquí](#).

»» A IGUALDADE SALARIAL AÍNDA NON É REAL



Tamén con motivo do 8M, a noxa investigadora permanente e catedrática da UDC **Isabel Novo Corti** elaborou para La Voz de Galicia este artigo titulado “La igualdad salarial aún no es real”, onde apunta cuestións aínda por abordar no relativo á fenda salarial como fonte de desigualdade entre homes e mulleres.

Podes ler o artigo na sección [“Revista de prensa”](#) da web de ECOBAS.

»» OS EFECTOS DAS DILACIÓNS NA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA



O investigador permanente de ECOBAS e profesor da UVIGO **Alberto Vaquero** reflexiona neste artigo publicado por [NET21.org](#) sobre os retos pendentes na atención á dependencia, con relevantes efectos negativos sobre o emprego, a economía e a calidade de vida das persoas.

[Artigo dispoñible para descarga, aquí](#)

»» A ECONOMÍA DO CAMBIO CLIMÁTICO



Co gallo da súa participación no IV Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático Cidade de Vigo que organiza o Club Montañeiros de Galicia Peña Trevinca, o investigador permanente de ECOBAS e catedrático da UVIGO **Xavier Labandeira** fai un repaso polas cuestións máis urxentes para traballar pola mitigación e a adaptación ao cambio climático dende a perspectiva da ciencia económica.

A entrevista completa publicada hoxe en Faro de Vigo, dispoñible [na sección “Revista de prensa”](#) da web de ECOBAS.

CONVOCATORIAS



>>> BECAS FUNDAME 2025

A Fundación Alfonso Martín Escudero vén de abrir a súa convocatoria de becas para a realización de traballos de investigación en universidades e centros no estranxeiro, dirixida a persoas candidatas que estean en posesión do título de doutor/a ou de especialidade MIR, BIR, FIR, PIR, QIR o RFIR.

- [Descarga as bases da convocatoria aquí.](#)
- Prazo para a presentación de candidaturas: ata o 30 de abril de 2025.
- Máis información en www.fundame.org

>>> [PROGRAMA DE PRÁCTICAS DE VERÁN NO CEMFI](#)

Dirixido a estudiantado universitario de grao cun expediente académico brillante que desexe adquirir experiencia na investigación económica, este programa está dirixido a cidadáns dos países membro da Unión Europea ou que posúan un NIE español en vigor ata o final das prácticas de verán.

- As prácticas serán remuneradas e se desenvolverán durante catro semanas, dende o 23 de xuño ata o 18 de xullo de 2025, a tempo completo.
- Presentación de solicitudes: ata o 11/04/25.



>>> PROGRAMA ATRAE. CONVOCATORIA 2025.

Segundo a información dispoñible na Agencia Estatal de Investigación sobre a convocará do programa ATRAE que publicárase no mes de maio.

O programa ATRAE ten como obxectivo facilitar a **incorporación de talento investigador consolidado**, de recoñecido prestixio internacional e que desenvolvese recentemente un período relevante da súa actividade profesional no estranxeiro, a universidades e centros de investigación españois.

Este programa oferta un financiamento de 1 millón de euros para desenvolver un proxecto de investigación novidoso durante 4 anos. O financiamento estará destinado, en parte, ao financiamento da contratación do investigador/a coa categoría de investigador/a distinguido/a (cun salario de entre 80.000 e 110.000 euros brutos anuais, máis custes de Seguridade Social).

Infórmate dos **prazos e procedementos de selección previa dos candidatos na túa universidade.**

MÁIS COMUNIDADE



>>> PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA 2025

A Real Academia Galega de Ciencias convoca este certame para recoñecer casos de éxito que se deben dar a coñecer á cidadanía e que servan como referencia inspiradora para persoal investigador e empresas.

- **2 premios:**
 - **Premio “Franciso Guitián Ojea”** a un traballo de investigación aplicada
 - **Premio “Fernando Calvet Prats”** a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía dun grupo de investigación a unha empresa.
- **Prazo** presentación candidaturas: ata o **30 de abril de 2025**
- [Descarga aquí as bases](#) tamén dispoñibles en ragc.gal e en gain.xunta.gal



>>> AERNA AWARDS 2025

A Asociación Hispano-portuguesa de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais (AERNA, www.aerna.org) convoca a segunda edición do Premio ao mellor traballo de máster e á mellor tese doutoral, tanto en España coma en Portugal.

Requisitos:

- Traballos defendidos nunha universidade pública ou privada de España ou Portugal nos cursos académicos 2022-2023 ou 2023-2024.
- Traballos do eido da economía do medio ambiente e dos recursos.

Categorías e dotación:

- Master Thesis: €400.
- Ph.D. Thesis: €800.

Máis información e detalles do procedemento para envío das candidaturas:

- Angel Bujosa (secretariaaerna@gmail.com)
- Prazo para a presentación: ata o 25 de maio de 2025



ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

